



## **Proposta de adxudicación da contratación administrativa para a xestión e explotación do servizo de cafetaría**

Con data 13 de maio de 2014, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa para a xestión e explotación do servizo de cafetaría da Administración do Parlamento de Galicia, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e por un valor estimado de 380.000,00 €.

Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas foron publicados no BOPG núm. 289, de 13 de maio de 2014. O anuncio de licitación da contratación foi publicado no Diario Oficial de Galicia nº 95, de 20 de maio de 2014.

Rematado o prazo para presentación de proposicións presentaron oferta as seguintes empresas:

- Galicia Vella de inversiones y logística, s.l.
- Ayaso Sainz Alberto 000569266-B, S.L.N.E.

Constituída a Mesa de contratación, procedeu ao estudo da documentación presentada polas empresas concorrentes nos sobres "A", resultando o seguinte:

Empresas admitidas:

- Galicia Vella de inversiones y logística, s.l.

Empresas excluídas:

- Ayaso Sainz Alberto 000569266-B, S.L.N.E.: por non acreditar estar en posesión da clasificación no grupo M (servizos especializados), subgrupo 6 (hostalaría e servizos de comida), categoría A, esixida nos pregos.

O Acordo da Mesa de Contratación relativo ás empresas admitidas e excluídas do procedemento de contratación foi comunicado aos licitadores na sesión pública de apertura de sobres B celebrada o 16 de xuño de 2014. Segundo o informe técnico de avaliación efectuado pola unidade competente a proposición da empresa Galicia Vella de inversiones y logística, s.l., cumpre as cláusulas administrativas e técnicas dos pregos e en atención aos criterios de avaliación establecidos cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas.

O 20 de xuño celebrase sesión pública de apertura de sobres C. A oferta presentada pola empresa Galicia Vella de inversiones y logística, s.l. e a documentación é remitida ao servizo de Réxime Interior para elaboración de informe técnico.

Na reunión da Mesa de Contratación do 27 de xuño procedese ao estudo do informe técnico elaborado polo Servizo de Réxime Interior respecto da documentación incluída no sobre C da empresa concorrente admitida á contratación. Ao ser a única proposición admitida neste procedemento de contratación procedeuse a comprobar que os prezos ofertados non superan os máximos esixidos nos pregos e que, en xeral, a oferta cumpre cos requirimentos técnicos e administrativos establecidos nos pregos.

Cumpridos os trámites regulamentariamente establecidos a Mesa de Contratación acorda propoñer á Mesa do Parlamento a adopción do Acordo de requirirle á citada empresa a

documentación esixida no apartado 6 da cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas para proceder, no seu caso, á adxudicación do contrato.

Á vista da proposta, e previo informe favorable da Intervención, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 30 de xuño de 2014 adoptou o Acordo de requirirille á empresa Galicia Vella de inversiones y logística, s.l. a presentación, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte á recepción do requirimento, da documentación esixida no apartado 6 da cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas para proceder, se é o caso, á adxudicación do contrato.

Dito Acordo da Mesa do Parlamento foi notificado electronicamente e recibido pola empresa o 3 de xullo de 2014.

Con data 8 de xullo de 2014 a empresa Galicia Vella de inversiones y logística, s.l. presentou no Rexistro da Cámara a documentación requirida (registro nº 24862), incluíndo constitución de garantía definitiva mediante o aval bancario nº 140357 da entidade Banco Caixa Geral por importe de 9.500,00 €, e o pagamento do anuncio de licitación.

En consecuencia, propónse á Mesa do Parlamento a adxudicación do contrato administrativo para a xestión e explotación do servizo de cafetería da Administración do Parlamento de Galicia, á empresa Galicia Vella de inversiones y logística, s.l.

Santiago de Compostela 11 de xullo de 2014.



Vº e praxe  
Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado Oficial Maior



Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior